

CENTRO DE ESPECIAL PROTECCIÓN SANTO ANXO
REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Sumario

1. INTRODUCCIÓN.....	3
<i>Organigrama e Funcións</i>	5
<i>Dereitos e Deberes dos Menores</i>	8
<i>Dereitos e Obrigas do Persoal</i>	9
2. PROTOCOLO DE INGRESO E ACOLLIDA. NORMATIVA RELACIONAL.....	11
3. HORARIOS, ACTIVIDADES, TRABALLO E ESCOLA.....	12
4. NORMATIVA SOBRE SAÚDE.....	13
5. NORMATIVA SOBRE HIXIENE PERSOAL, VESTIARIO E ENFEITES.....	14
6. NORMATIVA DE LIMPEZA E COIDADADO DAS INSTALACIÓNS.....	15
7. ESPAZOS PROPIOS: HABITACIÓNS.....	15
8. ESPAZOS COMÚNS.....	16
<i>Seccións</i>	16
<i>Sala de Xogos</i>	17
<i>Salón de Actos</i>	18
<i>Biblioteca</i>	18
<i>Lavandería e Roupeiro</i>	18
<i>Polideportivo e Campo de Fútbol</i>	19
9. NORMAS SOBRE ALIMENTOS E COMEDOR.....	19
10. NORMATIVA DE CARÁCTER ECONÓMICO.....	20
11. INFORMACIÓN, PETICIÓNS E VÍAS DE QUEIXA.....	21
12. COMUNICACIÓNS E INCIDENCIAS.....	21
13. RELACIÓNS CO EXTERIOR.....	22
<i>Relacións coa familia</i>	22
<i>Permisos e visitas</i>	22
<i>Permisos e saídas de fin de semana</i>	22
<i>Réxime de Visitas</i>	23
<i>Comunicacións co Xulgado, Fiscal, Avogado e Administración</i>	24
<i>Correspondencia</i>	24
14. PROTOCOLO DE REFORZO EDUCATIVO E MEDIDAS CORRECTORAS.....	24
15. ANEXOS.....	35
<i>Anexo 1- HORARIO SEMANAL</i>	35
<i>Anexo 2- HORARIO RESTRINXIDO</i>	39
<i>Anexo 3- PROTOCOLO DE DROGAS NO CENTRO</i>	40
<i>Anexo 4- PROTOCOLO DO USO DO M.E.S. (Módulo de Especial Seguimento)</i>	41

1. INTRODUCCIÓN

O centro Santo Anxo é un centro de protección de menores construído no ano 1953, ubicado nuns terreos que o Concello de Rábade cedeu ao Consello Superior de Protección de Menores.

O centro durante a súa historia incorporou menores tanto en sistemas de protección coma de reforma e dende a entrada en vigor da lei 8/2015 de 22 de xullo de modificación do sistema de protección a infancia e a adolescencia, o centro Santo Anxo intégrase no grupo de centros de protección específicos de menores con problemas de conduta. No seu preámbulo esta lei establece, que ten como obxectivo introducir os cambios xurídicos procesais e substantivos necesarios naqueles ámbitos considerados como materia orgánica ao incidir nos dereitos fundamentais e liberdades públicas establecidos nos artigos 14,15,16,17.1,18.2 e 24 da Constitución. Con isto búscase a mellora dos citados instrumentos de protección, aos efectos de continuar garantindo aos menores unha protección uniforme en todo o territorio do Estado que serve de marco as Comunidades Autónomas no desenvolvemento da súa respectiva lexislación de protección de menores.

Esta lei incorpora un procedemento para a obtención da autorización xudicial de ingreso a fin de lexitimar as restricións a súa liberdade e dereitos fundamentais que a medida poida comportar. O ingreso dun menor no centro a solicitude da Entidade Pública ou o Ministerio Fiscal, require do debido control xudicial que se efectuará ao exixir que se realice previa autorización do Xuíz de primeira instancia do domicilio da Entidade Pública, salvo supostos de urxencia, nos que o ingreso será ratificado con posterioridade, con intervención do Ministerio Fiscal e do menor. Control xudicial das medidas de seguridade aplicables aos nosos menores segundo a citada lei (art 27,28,29,30)

As condicións e circunstancias legalmente exixidas para o ingreso en Centro Específico de Intervención con Menores con Problemas de Conduta, veñen dadas en esencia polos artigos 25 apdos 1 e 2 e 26.2 LOPJM (lei orgánica de protección xurídica del menor), de acordo cos cales o acollemento residencial en centros de protección específicos de menores, procede:

- Respecto de menores baixo a garda ou tutela da Entidade Pública.
- Diagnosticados con problemas de conduta, que presenten condutas disruptivas ou disociais recorrentes, transgresoras das normas sociais e dereitos de terceiros.
- Cando ademais así este xustificado polas súas necesidades de protección e determinado por unha valoración psicosocial especializada.
- Exclusivamente cando non sexa posible a intervención a partir doutras medidas de protección.
- Co fin de proporcionar ao menor un marco axeitado para a súa educación, a normalización da súa conduta, a súa reintegración familiar cando sexa posible, e o libre armónico

desenvolvemento da súa personalidade, nun contexto estruturado e con programas específicos no marco dun proxecto educativo.

-Con exclusión absoluta de aqueles menores que presenten enfermidades ou trastornos mentais que requiran un tratamento específico por parte dos servizos competentes en materia de saúde mental ou atención a persoas con discapacidade.

Ca entrada en vigor da ***lei Orgánica 8/2021 de 4 de junio de protección integral a la infancia y a la adolescencia frente a la violencia***, introdúcense importantes modificacións da ley Orgánica 1/1996 de Protección Jurídica del Menor, de modificación parcial del Código Civil y de la ley de Enjuiciamiento Civil; no que atinxe a protección dos menores e as medidas de seguridade que os centros específicos poden aplicar.

O Centro Santo Anxo é un centro con capacidade para 32 menores divididos en 4 seccións ou unidades de convivencia e no seu funcionamento séguense os estándares de calidade en acollemento residencial especializado EQUAR-E versión para centros especializados, nos que recomendan que as unidades de convivencia deben ser similares en todo o posible a unha vivenda ou fogar familiar seguindo os principios:

- Superior interese do menor.
- Dereito do neno a vivir en familia.
- Complementariedade do acollemento residencial.
- As necesidades dos menores como eixe primordial.
- Acollemento residencial como rede de recursos flexible e especializada.
- Acollemento integral, individualizada, proactiva e rehabilitadora.
- Participación dos nenos e as súas familias.
- Normalización e especialización.
- Proporcionalidade e intervención mínima.

O centro, tratando de combinar os principios de normalización, especialización, proporcionalidade e intervención mínima, trata de conxugar conceptos contraditorios, posto que o primeiro plantexa a necesidade de que os menores disfruten dunha vida o mais parecida a do resto de menores accedendo aos recursos da comunidade e polo outro require da posta en marcha de recursos especializados diferenciados e medidas de seguridade sen que excedan no tempo e intensidade axeitadas para cada caso.

Cunha superficie total de 12.450 m² distribuídos en: centro de protección, edificio do Centro Público Mestre José Rábade Arias, polideportivo cuberto, invernadoiro e cortes, talleres, campo de fútbol, xardíns de diversos estilos, zoa boscosa, zona de pradería e diversos espazos destinados ao coidado dos animais do centro (3 ñandús e 9 cabras), proporciona un entorno privilexiado para desenvolver os proxectos educativos individualizados dos nosos menores.

Constitúese como un recurso interdisciplinar cunha ampla variedade de actividades, talleres e servizos que permiten individualizar as intervencións, como a terapia individual, grupal, familiar, talleres, horticultura, cría e coidado de animais, formación educativa ESO, orientación vocacional, habilidades para a vida independente e preparación para a transición a

vida adulta. Co obxectivo fundamental de potenciar o máximo desenvolvemento e crecemento persoal nas principais dimensións intelectual, afectiva, social e da saúde, mediante a construción dun ambiente terapéutico no que se promovan actividades recreativas o aire libre e atractivas que supoñan novas aprendizaxes. Provendo aos menores un ambiente seguro, enriquecedor e terapéutico que respecte e promova a identidade cultural e étnica a vez que cubre as súas necesidades únicas. Facilitando experiencias positivas de vinculación, apoio, afecto que lles permita adquirir novas pautas de comunicación e relación social.

- Organigrama e Funcións

O centro dispón do seguinte persoal cas funcións de:

Director/a

- Responsable da xestión global do centro.
- Exerce a xefatura de todo o persoal adscrito ao centro.
- Cumprir e facer cumprir al leis, disposicións vixentes, regulamento de réxime interior, cantas disposicións emanen dos órganos competentes da consellería que lles afecten.
- Supervisar, coordinar e facer cumprir o correcto desenvolvemento das actividades programadas.
- Convocar e presidir as reunións dos órganos colexiados, así como executar e facer cumprir os acordos adoptados por estes.
- Exercer a garda dos menores ingresados no centro de acordo co previsto na lexislación vixente.
- Remitir aos órganos da consellería cantos informes e datos sexan requiridos relativos aos menores atendidos ou a aspectos organizativos e funcionais do centro.

Subdirector/a

Correspóndelle substituír ao director e asumir a súas funcións nos casos de ausencia deste.

18 educadoras

- Realizar o acompañamento educativo dos menores acollidos conforme o proxecto educativo do centro e a normativa vixente.
- Elaborar e levar a cabo os proxectos educativos individuais dos menores, segundo os plans de caso e as pautas fixadas polo equipo técnico da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social.
- Exercer a acción tutorial e socioeducativa con respecto aos menores con respecto os cales se lles asignou dita función.
- Garantir a participación dos menores, en función da súa idade e capacidade, na elaboración e seguimento do seu proxecto educativo individual, así como na planificación e desenvolvemento das actividades.
- Organizar a vida cotiá e velar pola axeitada cobertura das necesidades básicas dos menores acollidos no centro, sexan de carácter físico, emocional, educativo e/ou de

lecer, atendendo as súas necesidades de alimentación, hixiene, vestido, apoio escolar, tratamentos médicos, desprazamentos etc.

- Acompañar e orientar ao menor na súa realización en función da súa idade, as xestións administrativas necesarias para completar a documentación e asegurar a súa correcta incorporación aos ámbitos educativos, sanitario, laboral, en coordinación cos equipos técnicos do menor.
- Realizar o seguimento, educar e orientar no itinerario formativo-escolar e/ou no proceso de inserción laboral.
- Participar no proceso de acoplamento do menor na reunificación familiar, acollemento familiar, nos procesos de emancipación ou traslado a outro recurso residencial.
- Coordinación cos recursos, axentes e servizos que interveñen e teñen relación ca consecución dos obxectivos marcados no plan de caso e proxecto educativo individualizado.
- Deseño, implmentación e avaliación de programas socioeducativos.
- Asumir a responsabilidade no ámbito das súas competencias para a toma de decisións ou medidas necesarias en ausencia da persoa responsable superior do centro.
- Proporcionar mediación e axuda para a resolución de situacións conflitivas dos menores a nivel persoal, familiar e social.
- Contribuír de xeito activo no mantemento da seguridade e a orde do centro, e supervisar e dar resposta ante posibles emerxencias que ocorran no grupo ao seu cargo.
- Cumprir e facilitar o cumprimento do regulamento de réxime interior do centro.
- Elaborar todos os informes, documentos e rexistros que lle estean atribuídos na normativa vixente, así como os que lle sexan requiridos acerca dos menores ao seu cargo, polo equipo técnico do menor, equipos técnicos dos xulgados de menores, fiscalías de menores, dirección do centro.
- Asistir as reunións, entrevistas ou actos aos que se lles convoque. Formar parte dos órganos colexiados que lle corresponda.
- Aquelas outras que veñan establecidas na normativa aplicable.

3 Educadoras nocturnas

Que desenvolven as funcións de educadoras durante a quenda de noite.

2 Vixiantes nocturnos

Ten ó seu cargo a vixilancia de edificios e terreos coutados, suplindo, de se-lo caso, os porteiros nas funcións de abrir e cerrar-las portas. Ó sereno-vixilante, en caso necesario, terá ó seu cargo facer garda-la orde e compostura ós residentes durante a noite.

1 Psicóloga

- Intervención e seguimento psicolóxico dos menores en coordinación cas Unidades de Saúde Mental (psiquiatra).

- Intervención na prevención do consumo de sustancias e realización de programas de prevención de recaídas, minimización do consumo/ abstinencia de sustancias e promoción da saúde. Intervencións individuais e grupais
- Elaboración de informes solicitados para Xulgados de Primeira Instancia, Fiscalías e Xulgados de menores, Equipos Técnicos do Menor informando da evolución psicolóxica do menor.
- Coordinación cos Equipos de Medio Aberto dos Servizos de Protección de Menores (Técnicos) e CIEMA e Equipos Técnicos do Xulgado no seguimento das medidas de liberdade vixiada, traballos socioeducativos e convivencia con grupo educativo.
- Orientación psico-educativa.
- Asistir as reunións do Equipo Educativo (xoves tarde) e realizar seguimento e supervisión dos programas de reforzo educativo e medidas correctivas.

En relación ao persoal de servizos o centro conta con:

1 Auxiliar administrativa.

1 Celador.

2 Oficiais 1ª cociña

1 Oficial 2º cociña

1 Auxiliar de cociña.

3 Camareiras/limpadoras.

1 Oficial 2ª mantemento.

2 Peóns.

- Dereitos e Deberes dos Menores

Os menores internados gozarán de todos os dereitos e liberdades que lles atribue a

lexislación vixente, sen mais limitacións que as derivadas da súa idade e da propia resolución de internamento. En particular recoñécense os seguintes dereitos:

- A que as medidas que se adoiten non atenten contra a súa liberdade de conciencia cívica, moral ou relixiosa nin a súa dignidade persoal.
- A recibir un trato igualitario sen distinción ni discriminación algunha, así como o respecto a súa integridade e saúde.
- A intimidade persoal en función das condicións estruturais do centro.
- A asistencia sanitaria e a recibir educación nos termos previstos na lexislación vixente para o resto da poboación.
- A asociarse co obxecto de favorecer a súa participación na programación e desenvolvemento de actividades do centro.
- A ser informado de xeito comprensible das medidas adoptadas respecto del e a pedir explicacións de cando afecte a súa educación.
- A recibir un tratamento individualizado de contido educativo cara a súa integración socio-familiar, que terá como obxectivos prioritarios a súa protección, educación e formación.
- A ser educado para a comprensión, tolerancia, e convivencia democrática, posibilitándolle que poida facer uso das súas opcións de xeito libre e persoal.
- A capacitación para o exercicio de actividades profesionais, a preparación para a participación activa na vida social e cultural.
- A realizar saídas ao exterior, salvo que este limitado en virtude de resolución xudicial.
- A recibir visitas, chamadas telefónicas e correspondencia na forma en que se estableza polo centro.
- A comunicarse ca autoridade administrativa ou xudicial competente e formular ante a mesma as oportunas reclamacións.
- Ao sxiilo profesional sobre os datos do seu historial sanitario e socio-familiar.

Os menores están obrigados a:

- Cumprir as normas que estableza o centro para o bo funcionamento do mesmo
- Non ausentarse do centro sen informar a quen corresponda e sen o debido permiso

para facelo.

- Colaborar na realización de determinadas tarefas que, sen supoñer un risco para a súa saúde, sirvan para mellorar a súa autonomía persoal, e participar activamente e de xeito responsable nas actividades educativas, ocupacionais, culturais e recreativas programadas polo centro.
 - Manter unha actitude de respecto e consideración con todo o persoal que traballa no centro e cos seus compañeiros.
 - Observar unha actitude dilixente no emprego das dependencias materiais e efectos do centro.
 - Colaborar cos seus compañeiros nas actividades e respectar a súa dignidade persoal,.
 - Desempeñar responsablemente os cargos e delegacións para os que fosen elixidos.
- Dereitos e Obrigas do Persoal

O persoal dos centros gozará dos dereitos e liberdades que lles atribúa a lexislación vixente. En todo caso, se recollerán os seguintes dereitos:

- Recibir información periódica da marcha e funcionamento do centro, a través dos órganos de participación, ou no seu defecto, do director responsable do centro.
- Elixir no seu caso, aos seus representantes para os órganos de participación que se constitúan.
- Presentar propostas que contribúan a mellorar o funcionamento do centro e a atención prestada aos menores.
- Desenvolver a súas funcións educativas segundo o seu criterio persoal, sempre que se axuste nos seus obxectivos e contidos a programación xeral do centro.
- A que se lle proporcione, dentro das disponibilidades do centro, dos instrumentos e medios necesarios para desenvolver as súas funcións de forma axeitada no beneficio dos menores atendidos.

E as seguintes obrigas:

- Cumprir e facer cumprir dacordo cas súas funcións o regulamento de réxime interior.
- Velar polo respecto dos dereitos dos menores recollidos neste regulamento e aqueles outros recoñecidos na lexislación vixente.

- Gardar estrita confidencialidade sobre os datos persoais dos menores a que teñan acceso en razón das súas funcións.
- O cumprimento das tarefas e responsabilidades derivadas do seu posto de traballo.

2. PROTOCOLO DE INGRESO E ACOLLIDA. NORMATIVA RELACIONAL.

O centro Santo Anxo da Garda consta de catro grupos de convivencia que coñecemos por “seccións”, tres masculinos e un feminino.

No momento do ingreso proporcionarase ao menor unha acollida que facilite un clima axeitado que lle ofrezca seguridade e axuda para afrontar os sentimentos e emocións que adoitan acompañar á separación a un novo contexto de convivencia. As funcións que se deben levar a cabo serán as seguintes:

- Recibir ao neno, nena ou adolescente
- Designar un dos educadores do centro como figura de referencia (titor) para transmitirle sentimentos de seguridade e estabilidade.
- Facer un percorrido polo centro para que coñeza as instalacións e a súa habitación. Proporcionar os útiles de aseo e gardar as cousas de valor que queira conservar e as que non estean permitidas.
- Explicar de xeito comprensible ao adolescente e a familia, se é o caso, o funcionamento e as costumes do centro, proporcionando información acerca do Regulamento do Réxime Interior e entregando unha copia do documento informativo dos dereitos e obrigas segundo o protocolo. Informar das formas de participación no centro a través de asembleas, consellos ou outras modalidades, así como das vías para presentar suxestión ou reclamacións.
- Cubrir o rexistro da entrada de pertenzas dos menores.
- Realizar un recoñecemento médico nos días seguintes.

Manterase no centro un clima de mutua consideración, respetando sempre a intimidade, os tempos de descanso, as actividades que se realicen e as diferencias individuais.

Será preciso dirixirse ao persoal educativo cunha actitude e ton de voz axeitado. As peticións que se fagan comunicaranse ao educador de turno ou á dirección. Cando se crea que algunha cousa é inxusta, comentarase cos educadores, sen adoptar posicións de forza ou malos modos. Tamén poderase facer a queixa ou suxestión por medio do representante dos menores ou por escrito usando o buzón de suxestións ou o libro de reclamacións.

O persoal non educador, polo feito de traballar no centro, pode dar instrucións polo que é obrigado atender e cumprir as súas indicacións

3. HORARIOS, ACTIVIDADES, TRABAJO E ESCOLA

O horario xeral do centro fixarase en función das necesidades dos menores, contemplando non só os aspectos escolares e laborais, senón tamén o lecer e o tempo libre.

O horario, así coma as súas modificacións, será elaborado pola Comisión Educativa, que o elevará ó Consello do Centro quen o presentará á Consellería respectiva para á súa aprobación. Revisarase cada curso escolar.

Os educadores en turno poderán modificar o horario xeral programado, en función das circunstancias ou necesidades educativas. É importante que os menores sexan coñecedores do horario e participen na súa confección por medio do seu representante.

A asistencia ás actividades programadas, (escolares, extraescolares, de lecer, deportivas,...), é de obrigado cumprimento, agás naquelas situacións concretas na que quede xustificada a falla de asistencia en base ao Programa Educativo Individualizado (PEI), do menor.

No caso de que un menor non teña os 16 anos ou cumpra esta idade dentro do curso escolar ten que asistir ó ensino regrado; no caso de que sexa maior de 16 anos coordinarase co Equipo Técnico do Menor o itinerario formativo-laboral. Os maiores de 16 anos que estean traballando non descoidarán a formación cultural.

Calquera que acepte un determinado programa educativo ou laboral, non poderá deixalo sen atopar outro e sen o consentimento dos educadores do grupo. Mentres non se estea incluído nun programa concreto (estudio, curso de formación, traballo, etc.), participará nas tarefas de mantemento do centro e actividades xerais programadas.

Nas horas de estudo, aqueles que non estean escolarizados seguirán un “programa de competencias e adquisición de habilidades básicas persoais e sociais”.

Os que estean escolarizados traerán todos os días o material escolar necesario para realizar as tarefas e deberes, así coma o estudo ou repaso das distintas materias. As tarefas do día traeranse escritas no caderno. Deberase conservar en bo estado o material escolar e ensinarase aos educadores cando se esgote, para cambiálo por outro novo.

Por parte do centro ofertaranse actividades, unhas serán voluntarias e outras obrigatorias. Consideraranse actividades voluntarias aquelas que se ofertan durante o tempo libre do menor (biblioteca, ximnasia, sala de xogos, ...). As actividades opcionais (multideporte, ecoloxía, multitaller, informática, escalada, sandá, etc.) unha vez elixidas terán a consideración de obrigatorias, polo que non poderán ser cambiadas ata o vindeiro trimestre.

Serán consideradas actividades obrigatorias as saídas (deportivas, culturais, ecolóxicas, ...) programadas pola Comisión Educativa.

Chegarase con puntualidade ás distintas actividades seguindo o horario establecido pola

Comisión Educativa. Respetarase o tempo de duración, e só se poderá saír por causa xustificada e co permiso da persoa que estea o cargo.

En todas as actividades manterase unha relación de respecto tanto aos compañeiros coma os adultos ao cargo, así coma unha actitude activa de cara ás tarefas a realizar. Coidarase especialmente o comportamento nas saídas o exterior, amosando sempre unha actitude correcta.

O rematar a actividade, recollerase o material empregado e limparanse as dependencias. Igualmente cada menor deberá coidar e utilizar para o fin que está destinado, o material ó seu cargo. No caso de que alguén estrague voluntariamente o material estará obrigado a restituílo ou pagalo sen prexuízo doutras sancións.

En caso de que un menor sexa expulsado dunha actividade ou se negue a acudir a ela, pasará directamente á súa habitación durante o tempo que dure a actividade.

Non se poderá entrar nos talleres, agás nos horarios establecidos para as actividades que se desenvolven neles. Tampouco se poderá retirar ningún obxecto ou material sen o permiso dos educadores responsables do mesmo.

4. NORMATIVA SOBRE SAÚDE

A atención sanitaria será a través da rede pública asistencial e hospitalaria de Galicia, nos termos establecidos pola lexislación vixente.

Ao ingresar no centro, faráselle ao menor unha revisión médica no prazo máis breve posible, quedando rexistrado no seu expediente os datos sanitarios básicos. Esta revisión terá unha periodicidade anual. Tamén poderán realizar periodicamente análise de oríños cando se sospeite o consumo de tóxicos, sempre contando coa autorización xudicial do Xulgado de 1ª Instancia correspondente.

Se por razóns de urxencia é preciso o traslado e ingreso nun centro sanitario darase conta de dita circunstancia ao Equipo Técnico do Menor así como á súa familia.

No caso de padecer algunha doenza deberá cumprir as indicacións oportunas de repouso, hixiene, inxesta ou abrigo que pauten o facultativo e será necesario que teña o permiso dun educador para poder erguerse. Si se considera que non ten ningún tipo de doenza, (ben pola súa actitude ou porque o constate o médico), pode ser sancionado.

O centro incluírase nos programas que a administración promova tales coma: saúde bucodental, campaña anti-tabaco, etc.

5. NORMATIVA SOBRE HIXIENE PERSOAL, VESTIARIO E ENFEITES

Tódolos os menores estarán equipados cos útiles e elementos necesarios para a hixiene persoal, permanecendo correctamente aseados e vestidos, empregando a roupa axeitada para cada momento.

Os usuarios do centro poden elixir entre utilizar a súa propia vestimenta, sempre que sexa axeitada, ou optar pola roupa que se lle proporciona dende o centro. Sempre que decida utilizar a súa propia roupa, farao baixo a súa exclusiva responsabilidade, non podendo reclamar ao centro nos casos nos que esta se estrague na realización de actividades, na lavandería, ou se perda.

É obrigatoria a ducha diaria, se é preciso facela pola mañá, non poderá superar o tempo máximo de 5 minutos. Aínda que se fixera pola mañá será preciso repetila pola tarde se se realizou exercicio físico ou si así o require o educador. En todo caso sempre se comunicará ó educador e será imprescindible empregar xel de ducha. Pola tarde o tempo de ducha non excederá de 10 minutos e, se hai compañeiros esperando, reducirase o tempo a 5 minutos.

Sempre que se empreguen as duchas, empregarase só a auga necesaria, recollerase o baño e fregarase o chan. Non se poderá levar música o cuarto de baño.

A esponxa, peite, desodorante, cepillo de dentes, afeitadora, etc. son instrumentos de uso exclusivamente persoal. Estes útiles gardaranse debidamente no armario correspondente. En caso de ter que cambiar o material, entregarse ao educador o vello, polo que convén non tiralo.

As unllas de pés e mans deberán estar limpas e seren cortadas semanalmente. O cabelo estará sempre limpo e arraxado

Non se autoriza facer novos piercings ou tatuaxes distintos aos que xa se tiñan no momento do internamento.

Por norma xeral dentro do centro e, por cortesía, cando se acuda a actividades ou saídas programadas, manterase a cabeza descuberta.

Sempre que por calquera razón (médico, traballo, administrativo, familia, etc.) sexa preciso saír do centro, será obrigatorio vestirse con roupa axeitada.

Respecto ao calzado, poderase andar en zapatillas pola sección, e serán obrigatorias para levantarse ó baño polas noites e para ir ducharse. Por fora o calzado será o axeitado ó tempo e á actividade a realizar, pero coma norma xeral: nunca se irá en zapatillas nin se andará con calzado roto ou sucio.

É obrigatorio tódolos días cambiar a roupa interior e non poñer roupa sucia, rota, pintada ou sen botóns. A roupa sucia botarase, dentro da bolsa de tela individual, no cubo que hai nos baños da sección a tal efecto. A roupa limpa estará ben arraxada nos armarios. Non se pode botar a lavar roupa que estea limpa.

Para durmir empregaranse sabas, pixama ou roupa axeitada e pecharase a ventá . Por debaixo da roupa non se pode levar o pixama posto.

Tódalas as mañás, será obrigado facer a cama, ventilar, e deixar a habitación recollida e o armario ordenado. O cambio de sabas e roupa de durmir farase como norma xeral todos os mércores, sendo necesario que o encargado semanal da sección baixe as sucias a lavandería antes das actividades da mañá

Non está permitido intercambiar, prestar ou regalar roupa aos compañeiros, tendo que estar correctamente marcada co seu número.

6. NORMATIVA DE LIMPEZA E COIDADO DAS INSTALACIÓNS

Cada usuario será o responsable da orde e limpeza do seu espazo persoal e colaborará na orde e limpeza dos espazos comúns.

Si se causan danos no mobiliario ou instalacións do centro, ademais da medida correctiva correspondente o responsable terá que facer durante o espazo dunha semana a limpeza dos espazos comúns. Ante a negativa a cumprir esta medida poderánselle retirar privilexios como o teléfono móvil ou as saídas a Lugo.

7. ESPAZOS PROPIOS: HABITACIÓNS

As habitacións serán sempre asignadas polos educadores da sección que tamén poderán determinar ou aprobar os cambios de habitación. Coidarase o mobiliario da habitación e en caso de poñer música farase a un volume axeitado, para non molestar aos demais.

Serán obrigas xerais de cada usuario dentro da súa habitación: botar a roupa a lavar, apagar as luces ó saír, abrir as fiestras polas mañás, recoller a roupa, pechar as portas dos armarios, facer a cama antes de baixar a almorzar, (cambiando sabas e pixamas os días establecidos) e manter os armarios e caixóns ordenados. A habitación persoal poderá ser revisada periodicamente polos educadores, ou persoal que estes designen, co fin de evitar o acceso ao centro de substancias tóxicas ou obxectos prohibidos pola normativa. Dito rexistro farase en presenza do menor ou menores que ocupen dita habitación.

A decoración das habitacións poderá ser personalizada, sen que se poida alterar a estrutura nin empregar obxectos ou ilustracións que puideran ferir a sensibilidade. Non se poderán facer pintadas nin se poderán gardar obxectos e sustancias non autorizadas tales como:

- Medicamentos ou material sanitario de calquera tipo. Os prescritos polo médico estarán baixo a custodia do educador/a. Calquera sustancia tóxica independentemente de cal sexa o seu estado. Todo tipo de bebidas alcohólicas.
- Obxectos punzantes ou cortantes de todo tipo así como calquera obxecto ou material susceptible de causar dano as persoas, ao material, ou as instalacións.

- Tenencia ou consumo de tabaco; chisqueiros ou obxectos que permitan prender lume. Aparellos eléctricos ou radioeléctricos distintos dos autorizados. Teléfonos móbiles.
- Calquera obxecto, vídeo, dvd, cassette, libro, prensa ou revista que fomenta o consumo de drogas, a violencia, a delincuencia, o sexismo ou calquera tipo de discriminación. Material pornográfico.
- Todo tipo de mobiliario distinto ó da súa habitación. Roupa de procedencia descoñecida (prestada ou de orixe incerto). Roupa en mal estado, sucia ou con inscricións que atenten contra as persoas, que fomenten actitudes ilegais ou prexudiciais, ou que fomenten a discriminación de calquera tipo.
- Animais de compañía ou mascotas. Alimentos ou bebidas que supoñan a suplantación da alimentación normal do centro. Diñeiro de procedencia descoñecida ou en cantidade superior á autorizada. Obxectos ou materiais non persoais que, atendendo ó seu valor económico, deban ser gardados para a súa custodia. Produtos, obxectos ou materiais autorizados que poidan ser prexudiciais para a saúde do menor.
- Documentación persoal, laboral ou bancaria que deba ser custodiada polo centro. Todo tipo de roupa de cama ou mesa. Elementos ou materiais de acampada, senderismo ou en xeral deportivo ou recreativo non autorizado expresamente.

Calquera cambio ou cesión de obxectos, farase co consentimento expreso do educador-titor.

O centro pode autorizar ó menor a posesión de determinados obxectos, en principio non autorizados, en función da súa evolución e o cumprimento de obxectivos do seu Proxecto Educativo Individual. Si este non fose o caso, e se collera en posesión de algún dos obxectos anteditos sen o pertinente permiso, seralle retirado quedando a criterio da Comisión Educativa a súa restitución ou non.

8. ESPAZOS COMÚNS

• Seccións

Empregarase o mobiliario de forma axeitada, en caso de danos intencionados ou por mal emprego, pagarase ou arranxaranse os desperfectos. En caso de non aparecer o culpable deberan abonalo ou arranxalo os presentes nese momento e si non é o caso, a sección.

A televisión, o vídeo ou videoconsolas, utilizaranse só durante o horario previsto para tales actividades.

O que queira entrar nunha unidade convivencial distinta da súa, deberá facelo sempre co permiso dun educador/a de cada sección. Dentro da mesma requirirase permiso do educador para permanecer na habitación dun compañeiro.

A sala da sección será o lugar de xunta semanal ou de outro tipo de actividades específicas, así mesmo será o lugar de descanso onde desfrutar do tempo libre no horario establecido.

Un encargado semanal, que coincidirá co encargado de mesa, coidará da orde e limpeza dentro da sección.

O comportamento xeral deberá ser correcto, sen que se poida fumar, berrar, correr, practicar xogos violentos, comer...

As comidas na sección estarán permitidas nos seguintes casos:

- Por necesidade horaria do menor.
- Celebracións especiais.
- Actividade organizada polos educadores.
- Horario restrinxido. (Neste caso o menor comerá nunha bandexa na súa habitación)

Todas estas comidas deberán ser supervisadas e/ou autorizadas polos educadores, nestes casos será obrigatorio que cada menor recolla e limpe os utensilios empregados. Estas comidas terán en todo caso carácter excepcional.

- Sala de Xogos

A maioría das actividades e o emprego dos distintos elementos da sala son libres, coa condición fundamental de respectar o material, a petición de mesa e a quenda correspondente.

Respectaranse sempre os horarios establecidos de apertura e peche da sala.

Pedirase o material de xogo aos educadores de turno ou ao encargado e entregaráselle ao rematar, para que o garde no lugar establecido.

Está prohibido alterar a orde, gritar, sentarse nas mesas de xogo, fumar, comer, tirar cousas o chan, e calquera outro comportamento inadecuado.

O material que se estrague polo mal uso ou de xeito deliberado, deberá ser arraxado, pagado ou repostado polo responsable do feito.

O incumprimento das normas, conleva a sanción correspondente imposta polos educadores encargados da sala.

Na sala de videoxogos non poderán entrar máis menores dos que estean a xogar nese momento, con independencia de que soliciten o seu quenda.

As chaves da sala de xogos non serán entregadas a ningún menor. Os educadores de quenda serán os encargados da apertura e peche da mesma. Así mesmo serán os educadores os que proporcionen o material e de supervisar as condicións do mesmo.

- Salón de Actos

Se empregará para as visitas a menores, conferencias, vídeo, festivais, xuntas xerais e extraordinarias , etc. Para calquera outro acto ou actividade pedirase o pertinente permiso.

- Biblioteca

Respectarase o horario establecido de apertura e peche. Será o lugar de reunión da Comisión Educativa do Centro.

Os libros e materiais empregados serán repostos ó seu sitio ó rematar ou devoltos aos encargados.

Non se poderá descolocar os libros do seu sitio.

Os libros que se collen en calidade de préstamo serán devoltos antes de dúas semanas, previamente cumprimentada a ficha de préstamo.

O material que se deteriore de xeito voluntario ou que non sexa devolto no prazo establecido terá que ser abonado.

Non se poderá berrar, correr, ou calquera outra acción que sexa molesta para os demais usuarios.

- Lavandería e Roupeiro

Non estará permitido o acceso ao roupeiro, agás, excepcionalmente, acompañado por un educador.

O encargado de baixar a roupa durante a semana procederá da seguinte maneira: todos os días, as 21;30 h. da noite, (excepto venres e sábado), baixará e subirá o cubo acompañado dun educador. Os mércores cambiaranse as sabas e pixama e botaranse a lavar. Este día o encargado baixará e subirá o cubo a Sección antes do inicio das actividades da mañá.

Asignarase un número de roupa, que estará cosido nun lugar discreto. Non se poderá coller roupa sen marcar nin marcada con outro número.

O trato co persoal do roupeiro deberá ser sempre correcto. Os menores canalizarán as súas queixas, respecto do servizo de lavandería, mediante os seus educadores.

Prohíbense os intercambios de roupa entre menores

- Polideportivo e Campo de Fútbol

Acudirase ás actividades deportivas co calzado e a roupa axeitada; observando unha actitude e comportamento de compañeirismo e deportividade.

É obrigatorio participar nas actividades deportivas programadas. Si son voluntarias e non se quere participar permanecerase na sección ata o seu remate.

Non está permitido fumar, tirar papeis ou calquera obxecto que manche innecesariamente o polideportivo.

Aquel usuario que deliberadamente ou polo seu uso inadecuado, rompa ou estropee o material, deberá abonar os desperfectos.

O material deberá ser empregado para a actividade que foi concedido e deberá ser devolto ao encargado que o deixará colocado no seu sitio.

9. NORMAS SOBRE ALIMENTOS E COMEDOR

Todas as comidas realizaranse no comedor, agás nos casos debidamente xustificados. Todos os menores disporán de tempo suficiente para chegar ó comedor limpos e aseados.

Será obrigatorio seguir as normas seguintes: lavar as mans antes de comer, deixar a roupa de abrigo, gorras ou similares, no respaldo da cadeira, non falar coas outras mesas, non berrar, non levantarse durante a comida (agás o encargado), pedir as cousas “por favor”, dar as “gracias”, non xogar coa comida e non levantarse da mesa ata que rematen todos e o indique o educador.

Aqueles menores que realicen actividades no exterior e se incorporen o centro iniciado ou rematado o tempo estipulado para as comidas, gardaráselles a mesma.

Empezarase a comer cando todos os comensais estean servidos. O acceso ós alimentos así coma ós útiles que fagan falta na mesa, serán facilitados a través da ventá do mostrador do comedor. Ningún usuario poderá acceder á cociña sen ir acompañado do seu educador.

Os educadores encargados baixarán ao comedor antes, controlarán que ningún menor entre a destempo e vixiarán o reparto de bandexas, previamente preparadas polo persoal de cociña e repartidas pola camareira-limpadora de turno.

O encargado levará a comida á mesa e a recollerá. Para servirse seguirá unha orde de reparto proporcional de xeito que chegue para todos, na que o encargado será o último en servirse. A comida non se poderá escoller e cada menor deberá servirse, polo menos, un pouco de todo o menú (agás prescrición médica). Antes de traer o seguinte prato, o encargado deberá recoller todos os servizos, así coma as fontes e/ou sopeiras correspondentes. A repetición será voluntaria pero é obrigatorio comer todo o que se sirva.

As especias e salsas non se servirán senón están incluídas no menú.

Respectaranse uns tempos mínimos e máximos para cada comida, que serán, no almorzo de 10 - 15 minutos e no xantar e cea de 20 - 30 minutos. Antes de saír do comedor, cada menor deberá deixar colocada a súa cadeira e o encargado asegurarse de que, na da mesa, todo queda limpo e ordenado.

Sairase do comedor todos xuntos e de forma ordenada cando todas as mesas rematen.

A merenda, é voluntaria e será a que estea recollida no menú, deberá recollerse polo mostrador da cociña, sendo supervisada polos educadores. Como norma xeral comerase fora, non sendo os días de frío ou choiva que se poderá comer sentados nas mesas do comedor, limpando posteriormente. Fora do horario estipulado,(de 17:00-17:15 h.), non se poderá recoller máis merendas. Non se pode levar fóra do comedor ningún alimento agás a merenda.

Sancionarase coa prohibición de compartir mesa no comedor, a quen non cumpra a normativa; neste caso, o interesado comerá en bandexa térmica individual, nun lugar establecido pola Comisión Educativa (normalmente na súa habitación individual), tendo que limpar posteriormente a estancia. Non poderá ter acceso o TV, vídeo, xogos ou música. O menor sancionado deberá permanecer na sección ata que os demais compañeiros rematen.

Os menús colocaranse no taboleiro de anuncios.

En todo caso dentro do comedor os menores non poderán: empregar un ton de voz inadecuado, gardar sitios ou discriminar, falar dunha mesa a outra, empregar os cubertos incorrectamente, dificultar a tarefa dos encargados e levantarse da mesa sen permiso.

10. NORMATIVA DE CARÁCTER ECONÓMICO

O ingresar no centro, abrírase unha cartilla de carácter interno onde se anotarán todos os movementos relativos a economía persoal dos menores.

Os internos terán unha asignación económica establecida pola Comisión Educativa, de acordo a unhas pautas educativas. Dita asignación será efectiva ou non en función da evolución semanal. Tamén poderanse realizar traballos “remunerados” dentro do centro.

Cada sección poderá establecer un sistema de control do comportamento dos menores, no que se terá en conta: a hixiene persoal, orden e coidado dos espazos propios e comúns, participación en actividades e traballos, relacións con adultos e compañeiros. Deste comportamento poderá depender a asignación semanal ou calquera outro reforzo que se considere axeitado.

O día da paga será o sábado agás que a sección estime oportuno facer un adianto, que, en calquera caso, nunca será superior á metade da asignación.

As cantidades que se reciban dos familiares, serán ingresados na cartilla persoal de orde interna.

En cumprimento da Circular n13 da Dirección Xeral de Familia, as contías a percibir polos

menores en concepto de paga semanal dependerá do seu comportamento, dándolle a oportunidade de recuperar o perdido por medio de traballos en beneficio da comunidade ou reparando o dano causado. Coma norma xeral, a contía da paga semanal será de 11 euros. Ningún menor poderá ter diñeiro sen consentimento expreso dos educadores da súa Sección.

Aqueles que realicen actividades ou ensino regulamentado no exterior e precisen empregar medios de transporte, ou efectuar gastos correntes necesarios, poderán portar o efectivo preciso para ditas actividades, baixo o control directo dos seus educadores, e sempre aportando os xustificantes do gasto correspondentes.

11. INFORMACIÓN, PETICIÓN E VÍAS DE QUEIXA

Recibirase no momento do ingreso información escrita sobre os dereitos e obrigas, o réxime de internamento, as cuestións de organización xeral, as normas de funcionamento do centro, as normas disciplinarias e os medios para formular peticións, queixas ou recursos.

O Director do Centro atenderá as peticións e queixas se son da súa competencia ou, no caso contrario, poñeráas en coñecemento do órgano correspondente da Consellería ou autoridade xudicial competente.

12. COMUNICACIÓN E INCIDENCIAS.

Agás nos casos en que exista prohibición expresa da autoridade xudicial competente, o centro informará ós pais ou representantes legais do internamento, traslado, ausencia ou non retorno do menor o centro.

Tanto nos casos de enfermidade grave, accidente ou morte dun menor ou dun parente próximo deste, o director do centro informará sin dilación, á familia ou ao menor segundo sexan as circunstancias.

13. RELACIONES CO EXTERIOR.

- Relacións coa familia

A familia do menor recibirá toda a información que necesite sobre o funcionamento interno do centro, e en especial sobre os seus dereitos e obrigas.

Manterase un contacto fluído coa familia do menor, procurando informala da súa evolución.

- Permisos e visitas

Os menores desfrutarán dos permisos de fin de semana ou vacacións que acorde o centro co Servizo de Menores da Delegación Territorial correspondente.

No momento do ingreso e como período de adaptación e observación, restrinxiranse os permisos e saídas de fin de semana durante a primeira semana de estancia, independentemente da periodicidade que se estableza.

A periodicidade dos permisos establecerase no Plan de caso aportado polo ETM . Os horarios concretos de saída e chegada dos menores, nos permisos, serán determinados polos educadores da sección correspondente.

Os permisos de fin de semana, así coma os de festivos e vacacións incluírán o abono do custo das viaxes para os menores tutelados.

O regreso ó centro deberá facerse no horario establecido, considerándose falta moi grave non facelo sin causa xustificada. Si non se produce a incorporación, activarase o protocolo de ausencias establecido dando conta aos corpos e forzas de seguridade do Estado.

Nos períodos de vacacións procurarase que os menores vaian coa familia. Si esto non é posible, intentarase repartilas vacacións entre a familia, o centro e/ou campamentos ofertados pola Xunta de Galicia.

As vacacións, coas datas de saída e de regreso, remitiranse ós pais ou familiares ó cargo, medinte carta ou contacto telefónico. Si durante o último permiso autorizado o menor ten un comportamento inaxeitado na súa casa o equipo educativo en coordinación co ETM e a familia do menor poderán decidir a rescisión do seguinte ou seguintes permisos.

- Permisos e saídas de fin de semana

Os menores que por causas alleas a súa vontade, (falta de apoio familiar, petición expresa da familia, decisión do centro, mandato xudicial, etc.), teñan que quedar internados os fins de semana, e non estean sancionados ou ingresaran nesa semana, terán os seguintes dereitos e deberes sempre que os seu comportamento fora axeitado.

Dereitos:

- A unha chamada de teléfono (sábado ou domingo)
- A saír polo menos un día de paseo a Lugo, en horario de 16:00 h. a 20:00 h.
- A usar durante a saída obxectos persoais non retirados, tal como: teléfono móbil.
- A recibir a “paga semanal” que lle corresponda.

Deberes:

- Colaborar no mantemento e limpeza do centro, (un máximo de 2 h.)
- A saída será a Lugo, calquera outro destino require permiso expreso.

- Saír con roupa axeitada; valorará o educador de turno.
- Non acudir a casas ou pisos particulares sen consentimento.
- Non consumir bebidas que conteñan alcohol nin sustancias tóxicas.

SAÍDAS A LUGO

Poderán saír os menores que tiveran un comportamento axeitado durante a semana baixo criterio dos educadores, os cales establecerán ese permiso así como o número de días que saen na fin de semana. Os educadores deixarán e recollerán aos menores, como norma xeral diante do edificio dos xulgados. O tempo establecido será, por norma xeral de 15:30 a 19:45 h. Si se fai un uso inadecuado do tempo de ocio en Lugo (consumir sustancias tóxicas, acudir a pisos ou lugares non autorizados, etc) non poderán saír o que reste dese fin de semana e quedarán en HR e sen saír a fin de semana seguinte.

• Réxime de Visitas:

Poderanse recibir visitas dos familiares ou representantes legais agás se teña retirado este dereito por disposición xudicial ou pola entidade administrativa competente. As visitas deben concertarse coa dirección do centro, cunha antelación mínima de vinte e catro horas. O tempo de duración non excederá de 2 horas.

O horario de visitas, a non ser en circunstancias especiais e xustificadas coa autorización da dirección, será o seguinte: os días lectivos das 17:00 ás 19:00 horas. Os sábados, domingos e festivos das 11:00 ás 13:30 e das 15:00 ás 19:00 horas.

En todo caso nunca deben interferir nas actividades educativas, formativas ou laborais do menor, nin nas actividades programadas polo centro.

Si se considera que algunha das persoas visitantes prexudican ou puideran prexudicar gravemente a evolución educativa, o director do centro poderá suspender ditas visitas e poñerá en coñecemento da autoridade competente para que acorde as medidas oportunas.

Terase dereito a facer dúas chamadas á semana e si o menor non pode ir a casa por causas alleas ao seu comportamento, poderá facer outra durante a fin de semana; estas chamadas, terán unha duración media de 10 minutos e anotaranse nun caderno que estará a carón do teléfono. As chamadas “sen identificar” o número, non se poderán pasar ao interesado. Para cada chamada a maiores das establecidas o menores deberán abonar o importe de 1 euro.

O horario establecido para recibir chamadas será preferentemente das 15:00 ás 16:00 e de 21:00 a 21:30. Para efectuar chamadas o exterior, acordarase co educador, pero sempre fora do horario anterior.

En circunstancias excepcionais e previa autorización dun educador, o menor poderá recibir chamadas fóra do horario establecido.

Si se considera que as comunicacións telefónicas prexudican ou poden prexudicar de xeito

significativo a evolución do menor, a dirección do centro poderá suspendelas provisionalmente, ou limitalas respecto a determinadas persoas, poñendo esta incidencia en coñecemento de quen corresponda para que acorde as medidas oportunas.

Non haberá limitación na recepción de chamadas, agás nos casos en que existan por parte da autoridade competente. Si ben estas chamadas non deben interferir nas actividades que o menor realice.

- Comunicacións co Xulgado, Fiscal, Avogado e Administración

Os menores terán dereito a comunicarse, sempre que se solicite, coa autoridade xudicial, co Ministerio Fiscal, co letrado e cos responsables da Consellería.

- Correspondencia

Poderase enviar e recibir libremente correspondencia agás prohibición expresa do Xuíz.

Se polo seu aspecto ou características se considera que a correspondencia contén algún tipo de substancia ou obxecto prohibido pola normativa interna do centro, abrírase perante o persoal designado pola dirección do centro, co único obxecto de comprobar este extremo.

14. PROTOCOLO DE REFORZO EDUCATIVO E MEDIDAS CORRECTORAS

Principios xerais

No centro haberá un conxunto de regras que axuden a manter a orde e o bo funcionamento interno, coa finalidade de conseguir unha boa convivencia entre todos.

Quen incorra nalgunha responsabilidade por incumprimento desas regras que legalmente están sinalados, será obxecto da medida correctora adecuada, determinada en cada caso segundo o “Protocolo de reforzo educativo e medidas correctivas” aprobado pola Xunta para os Centros de Protección de Menores do ámbito xeográfico de Galicia e da Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo, que introduce un capítulo IV, no título II, da Lei Orgánica 1/1996, referido aos “Centros de protección específicos de menores con problemas de conduta”.

O emprego destas medidas correctoras será sempre o derradeiro recurso, polo que antes será preceptivo intentar outras medidas menos punibles.

DEFINICIÓNS

- **Condutas desaxeitadas:** aqueles comportamentos que dificultan a convivencia ou supoñen un incumprimento das normas. Estas condutas poderán ser consideradas:

Leves: se non alteran de forma significativa a convivencia.

Graves: se alteran de forma significativa ou intencionada a convivencia ou se producen de forma reiterada aínda sen producir unha alteración significativa.

Moi graves: se prexudican gravemente a convivencia ou imposibilitan o funcionamento ordinario do centro.

- Reforzo educativo: premio que se lle da ao neno, nena ou adolescente cando a súa conduta é axeitada; estímulo que aumenta a probabilidade de que as condutas axeitadas se produzan.
- Medida correctiva: medida de carácter educativo que procura un efecto reparador e a redución ou desaparición da conduta inadecuada.

O conxunto de medidas educativas e medidas correctivas conforma o modelo de convivencia, que forma parte do Regulamento de réxime interior (RRI).

Sistemas de reforzo positivo de condutas axeitadas

O sistema de reforzo positivo de condutas ten por finalidade fomentar aquelas que sexan axeitadas e asegurar a estabilidade e o mantemento destas ao longo do tempo. Este sistema combinará os reforzadores materiais cos sociais dándolle preferencia a estes últimos.

As áreas de aplicación do sistema de reforzos positivos poderán ser entre outras:

- Actitude e comportamento positivos con todas as persoas que conviven no centro.
- Hábitos de hixiene persoal axeitados, orde, puntualidade e respecto aos horarios.
- Aproveitamento das actividades programadas dentro e fóra do centro.
- Uso axeitado das instalacións.
- Observancia das normas e da organización do centro.
- Implicación activa no seu proceso de autonomía persoal.

ACTITUDES A REFORZAR	TIPO DE REFORZO	MEDIDAS ORIENTATIVAS
<i>Actitude e comportamento positivos con todas as persoas que conviven no centro.</i> <i>Hábitos de hixiene persoal axeitados, orde, puntualidade e respecto aos horarios.</i> <i>Aproveitamento das actividades programadas dentro e fóra do centro.</i> <i>Uso axeitado das instalacións.</i> <i>Observancia das normas e da organización do recurso residencial / familiar.</i> <i>Implicación activa no seu proceso de autonomía persoal.</i>	Reforzos relacionados coas adquisicións materiais e adaptacións especiais.	• <i>Asignacións económicas extras.</i> • <i>Obxectos específicos para elixir por cada menor e non contemplados inicialmente polo centro.</i> • <i>Obtención de lambetadas ou xoguetes.</i> • <i>Adaptacións e cambios de menú puntuais.</i>
	Reforzos relacionados co horario e condición de uso do centro.	• <i>Maior tempo de uso de aparatos informáticos (ordenadores, videoxogos, consolas, etc.), sempre atendendo a criterios racionais.</i> • <i>Flexibilidade nos horarios de saída e chegada ao centro.</i> • <i>Posibilidade de realizar pequenas festas, deseñadas por cada menor, nas que poidan acudir como invitadas as persoas que decidan.</i>
	Reforzos relacionados coas actividades de ocio e tempo libre.	• <i>Elección de películas de vídeo ou cine.</i> • <i>Saídas de ocio extraordinarias.</i> • <i>Acceso e elección de diversas actividades.</i>
	Reforzos sociais.	• <i>Recoñecemento público por parte do persoal do centro.</i> • <i>Recoñecemento público por parte do persoal do servizo especializado de protección de menores (titor ou titora, técnico ou técnica de referencia, outros).</i> • <i>Recoñecemento por parte do grupo de iguais.</i> • <i>Participación en actividades de celebración de logros adquiridos (entrega de notas, festas e outras).</i>

Faltas disciplinarias

Alteracións do modelo de convivencia e medidas correctivas

A aplicación de medidas correctivas virá determinada pola aparición de condutas que supoñan unha alteración da convivencia no centro.

Faise necesario lembrar que as medidas correctivas sempre deberán ter contido e función esencialmente educativas e non poderán implicar, directa ou indirectamente:

- a) Castigos corporais.
- b) Privación da alimentación, descanso ou outras necesidades básicas.
- c) Privación do dereito de visita dos familiares, de xeito xeneralizado.
- d) Privación do dereito de comunicarse co equipo técnico do ou da menor, avogado ou avogada, xuíz ou xuíza, e persoal de inspección dos Servizos Sociais.
- e) Intervención das comunicacións orais ou escritas, de xeito xeneralizado.
- f) Privación do dereito á educación obrigatoria.
- g) Privación do dereito á asistencia sanitaria.
- h) Atentado contra a dignidade da ou do menor.
- i) Illamento (diferenciándose de illamento como medida puntual de contención e da medida de separación de grupo)

As saídas ao domicilio familiar non poden ser suspendidas polo centro como medida correctiva, pero si poden ser moduladas mediante acordos coa familia e coa comunicación ao ETM.

Determinación de condutas contrarias á convivencia e medidas correctivas correspondentes

No Cadro 2 enuméranse de forma orientativa este tipo de condutas clasificándoas en leves, graves e moi graves, especificanse as medidas correctivas aplicables en cada caso e defínese a persoa responsable de aplicalas.

GRAVIDADE	DEFINICIÓN	CONDUTAS	MEDIDAS CORRECTIVAS ORIENTATIVAS	RESPONSABLE
LEVE	Conducta que altere de forma non significativa a convivencia ou o funcionamento ordinario do centro	a) Faltar levemente ao respecto a calquera persoa dentro do centro. b) Manter un comportamento inadecuado, en relación coas persoas, os espazos e os bens tanto públicos como privados. c) Causar danos e/ou prexuízos ás dependencias materiais ou ben aos efectos do centro ou ás pertenzas doutras persoas, ou ser pouco dilixente na súa utilización. d) Alterar a orde da convivencia diaria. e) Facer uso de substancias ou obxectos non autorizados no interior do centro. f) Faltas de puntualidade sen xustificación. g) Negarse a facer, interromper ou realizar incorrectamente de forma intencionada as actividades programadas. h) Desobedecer puntualmente as indicacións do equipo educativo ou resistirse pasivamente a cumprilas. i) Calquera outra acción ou omisión que implique incumprimento das normas de funcionamento do centro e non teña consideración de falta grave ou moi grave. j) Calquera outra acción ou omisión que implique incumprimento das normas de funcionamento do centro e non teña consideración de falta grave ou moi grave.	a) Amoestación privada. b) Saír un tempo da actividade para analizar o seu comportamento e volver a esta. c) Pedir desculpas ás persoas afectadas. d) Realizar un traballo educativo analizando a causa da infracción. e) Reparación do dano. f) Por falta de puntualidade reiterada ou pasividade nas actividades, recuperar ese tempo unha vez finalizado o seu horario estipulado. g) Restrición ou privación de participar en actividades lúdicas como: saídas, informática, televisión ... h) Realizar a actividade privado ou privada do grupo. i) Privación de participar en todas ou algunhas das actividades grupais por un tempo non superior a un día. j) Prohibición de utilizar espazos e/ou materiais de ocio por períodos non superiores a un día. k) Relectura do Regulamento de réxime interno e comentario deste. l) Aquela que o neno, nena ou adolescente se impoña e que o equipo educativo considere axeitada.	O educador ou educadora da quenda

GRAVIDADE	DEFINICIÓN	CONDUTAS DESAXEITADAS	MEDIDAS CORRECTIVAS ORIENTATIVAS	RESPONSABLE
GRAVE	Conducta que altere de forma significativa, intencionada ou reiterativa a convivencia ou o funcionamento ordinario do centro.	a) Faltar grave ou reiteradamente o respecto a calquera persoa dentro ou fóra do recurso. b) Desobedecer, de xeito reiterado, as indicacións do equipo educativo ou resistirse pasivamente a cumprilas. c) Introducir, posuír, usar ou consumir no recurso substancias ou obxectos non autorizados no interior. d) Marcharse do centro sen autorización do equipo educativo ou non regresar sen causa xustificada. e) Causar danos, de forma deliberada, nas dependencias, materiais ou obxectos do recurso ou nas pertenzas doutras persoas. f) Acceder a espazos prohibidos dentro do recurso ou a espazos de acceso restrinxido sen o permiso correspondente. g) Negarse a cumprir unha medida educativa correctora.	a) Realizar un traballo educativo analizando a súa actitude e o seu compromiso de cambio. b) Privación de participar en todas ou algunhas das actividades grupais. c) Prohibición de utilizar determinados espazos e/ou materiais por un tempo máximo de tres días. d) Retirada de privilexios ou suspensión de gratificacións por un tempo non superior a una semana. e) Privación das actividades de fin de semana de lecer ou de carácter lúdico, por un tempo máximo dunha semana. f) Retención de parte da asignación económica que recibe con carácter periódico por un período máximo de dúas semanas. g) Contribución con parte da asignación económica que recibe con carácter periódico ou cun traballo específico para a reparación dos danos causados ou a restitución dos obxectos subtraídos. h) Realización de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro por un período non superior a quince días. i) Aquela que o neno, nena ou adolescente se impoña e que o equipo educativo considere axeitada. j) Separación do grupo ata 24 horas.	Para corrixir as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia será preciso consultar á persoa que exerza a dirección ou coordinación do centro e ao equipo educativo. Estes establecerán a cualificación da conduta como grave ou moi grave. Serán competentes para decidir as correccións previstas o equipo educativo e a asemblea ou comisión educativa do centro.

GRAVIDADE	DEFINICIÓN	CONDUTAS DESAXEITADAS	MEDIDAS CORRECTIVAS ORIENTATIVAS	RESPONSABLE
MOI GRAVE	Conduta que prexudica gravemente a convivencia ou que imposibilita o funcionamento ordinario do centro.	a) Agredir, ameazar ou coaccionar a calquera persoa dentro ou fóra do recurso. b) Participar en pelexas, agresións, desordes colectivos ou instigar estes no caso de terse producido. c) Poñer en perigo a súa propia seguridade, a dos seus compañeiros e compañeiras ou a do propio centro. d) Resistirse de forma activa e grave no cumprimento das indicacións ou instrucións do equipo educativo no exercicio lexítimo das súas atribucións. e) Introducir, posuír e distribuír no centro calquera tipo de droga. f) Introducir ou posuír no centro armas ou obxectos que poidan ocasionar dano a outras persoas. g) Causar graves danos, de forma deliberada, nas dependencias, materiais ou obxectos do recurso ou nas pertenzas doutras persoas. h) Subtraer ou ocultar obxectos, materiais ou efectos do recurso ou pertenzas alleas sen autorización. i) Negarse a cumprir unha medida educativa correctora aplicada pola realización dunha conduta inadecuada de carácter grave. j) Fuxir ou ausentarse sen permiso.	a) Privación de participar en todas ou algunhas actividades grupais por un tempo non superior a cinco días. b) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro ou á reparación dos danos causados por un período máximo dun mes. c) Privación ou retención de parte da asignación económica que recibe con carácter periódico por un período máximo de tres semanas. d) Contribución con parte da asignación económica que recibe con carácter periódico para a restitución dos obxectos subtraídos. e) Privación das actividades de fin de semana de lecer ou de carácter lúdico, por un tempo máximo dun mes. f) Retirada dos privilexios ou suspensión das gratificacións por un tempo non superior a un mes. g) Aquela que o neno, nena ou adolescente se impoña e que o equipo educativo considere axeitada. h) Separación do grupo entre 24 e 48 horas.	Para corrixir as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia será preciso consultar á persoa que exerza a dirección ou coordinación do centro e ao equipo educativo. Estes establecerán a cualificación da conduta como grave ou moi grave. Serán competentes para decidir as correccións previstas o equipo educativo e a asemblea ou comisión educativa do centro.

O anteriormente exposto aplicarase tendo en conta os seguintes criterios moderadores:

* Criterios de proporcionalidade:

Para a determinación do nivel de gravidade da conduta e a gradación das medidas educativas correctoras, teranse en conta os seguintes criterios:

2. A idade
3. A situación persoal, familiar e social do neno, nena ou adolescente no momento da realización da conduta.
4. O proxecto educativo individualizado.
5. O plan de intervención.
6. A valoración da alteración polo equipo educativo.
7. O grao de participación, a intencionalidade ou a neglixencia.
8. O grao de perturbación causado no funcionamento do recurso.
9. Os prexuízos causados ao resto dos residentes ou persoal, ou aos bens ou instalacións do recurso ou doutras persoas.
10. A incitación á actuación colectiva contraria ás normas de convivencia ou ben á organización do recurso.
11. A reiteración da conduta.

* Circunstancias paliativas:

- a) O recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta e a petición de excusas.
- b) A reparación do dano producido.
- c) A falta de intencionalidade.
- d) A observancia dunha conduta habitual positivamente favorecedora da convivencia.

* Circunstancias intensificadoras:

14. A premeditación e a reiteración.
15. Que a conduta indesexable (dano, inxuria ou ofensa) sexa dirixida cara aos compañeiros e compañeiras do menor idade ou aos recién incorporados ao centro.
16. Que a conduta indesexable implique violencia, discriminación, racismo, xenofobia ou o menoscabo dos principios do carácter propio do recurso.

Comunicación de faltas e medidas correctivas

É necesario seguir as seguintes pautas e canles de rexistro e comunicación ante o acontecemento de incidencias relativas ao incumprimento do modelo de convivencia:

1. Tódalas condutas desaxeitadas con independencia da súa gradación e as medidas que se impoñan, deben facerse constar no rexistro de medidas correctivas (PREMC/F-1).
2. Deberanse comunicar ao ETM todas aquelas condutas desaxeitadas que teñan a cualificación de moi graves e as medidas impostas. A comunicación farase por escrito, a través das canles que cada centro teña establecidas e de xeito inmediato (ou tan pronto como se teña coñecemento da situación).

As condutas desaxeitadas que teñan a cualificación de graves e as medidas impostas poderán comunicarse ao ETM no informe periódico e potestativamente tamén de xeito individualizado e inmediato cando a persoa que exerza a dirección do centro o considere axeitado.

A comunicación realizarase por parte da persoa que exerza a dirección do centro ou polo persoal educativo da quenda.

3. Débense comunicar ao Ministerio Fiscal todas as medidas correctivas impostas aos/ás menores.
4. A comunicación ás familias das condutas graves e moi graves realizarase telefonicamente ou/e na seguinte visita da familia ao centro.
5. As condutas delituosas deben denunciarse, tendo en consideración que non todas as faltas graves ou moi graves son en si mesmas constitutivas de delito.

Casos excepcionais: contención

A contención física utilizarase unicamente para evitar un dano para a propia ou o propio menor ou para as persoas que o rodean, ou para previr graves danos materiais.

Non se pode confundir de ningún modo a contención física co castigo físico, nin ser utilizada nunca como tal. Todos os nenos, nenas e adolescentes deben estar informados desta distinción e saber que as agresións ou comportamentos que poñan en perigo a si mesmos ou ás persoas que os rodean serán obxecto de intervención e contención.

Non poderá utilizarse a contención física como medio de obrigar aos nenos, nenas ou adolescentes a facer algo ou como resposta a condutas desafiantes nas que non se aprecia risco razoable de dano posterior.

Toda contención deberá aplicar a mínima forza posible para cumprir o seu obxectivo e deberá ser levada a cabo, sempre que sexa posible, coa presenza de dous educadores ou educadoras.

Os episodios de contención deberán rexistrarse e comunicarse ao ETM do xeito establecido para as condutas moi graves.

Os centros destinados a menores con problemas de conduta rexeranse no referente a este apartado polos seus protocolos específicos.

15. ANEXOS

Anexo 1- HORARIO SEMANAL

Este é o horario xeral do centro, porén a regulación tanto das actividades como dos tempos libres son orientativas , en todo caso serán flexibles e determinadas polos educadores de turno segundo as necesidades.

HORARIO MAÑÁS

HORA	ACTIVIDADE	OBSERVACIÓNS
8:30 lectivos 10:00 luns e festivos	Erguerse, hixiene persoal e amaño de habitacións	O mércores farase a muda de sabas (o encargado terá que baixar as sucias a lavandería).
8:45 lectivos 10:30 festivos	Almorzo (os días lectivos poderase saír do comedor ás 8:55, si queda algún menor rezagado do grupo será acompañado por un educador)	Faranse as obrigas grupais segundo turno: encargados de mesa.
9:00- 14:00	Aulas. Alumnos escolarizados	O ensino regrado é obrigatorio para os menores de 16 anos, para os que cumpran durante o curso escolar e para aqueles que queiran asistir. Maiores de 16 en función do Plan de Caso e PEI
9:00-14:00	Alumnos non escolarizados: -Reciclaxe escolar (obligatorio) -Mantemento do centro (voluntario 1E/hora)	A reciclaxe escolar será de 9:30 a 10:30. O traballo de mantemento do centro será de dúas horas. O non aceptar o traballo requirirá estar lendo ou escribindo na habitación. Ás 13:00 duchas e tempo libre supervisado na sección.
14:00- 14:30	Xantar (poderase saír ás 14:20 si remataron todos)	Faranse as obrigas grupais segundo turno: encargados de mesa.

*Os luns pola mañá normalmente os menores baixan de 13:00 a 14:00 ao tempo libre. Os restrinxidos baixarían de 13:30-14:00h

HORARIO TARDES

HORA	ACTIVIDADE	OBSERVACIÓNS
14:30-16:00	Tempo libre	14:30-15:00 Tempo libre no patio 15:00-16:00 poderase recibir chamadas, non chamar. Tempo libre na sección
16:00-17:00	<u>Martes:</u> Talleres : sandá, multideporte, multitaller, ecoloxía (* de 15:30 a 17:00) <u>Mércores:</u> Programación especial de lecer. <u>Xoves:</u> Permanecerás na sección durante a comisión educativa	As actividades dos martes, unha vez elixidas terán carácter obrigatorio durante todo o trimestre. Os martes os talleres comezarán ás 15:30. Se unha vez elixidas os menores non acoden terán que permanecer na habitación ata as 17:30h, subiráselles a merenda
17:00-18:00	Merenda e tempo libre no patio	Os luns os de ensino regrado merendarán durante o recreo de 17:45 a 18:15. os alumnos non escolarizados estarán na sección facendo reciclaxe escolar ou actividades ata o recreo que será de 17:00 a 17:30. Non poderán acceder ás aulas
18:00-19:00	Estudio (obligatorio)	Os xoves faranse as titorías de sección
19:00-20:00	Actividades deportivas Martes: rapazas de 18:30-19:15 e rapaces de 19:15-20:00h Xoves : de 19:00 a 20:00	Serán voluntarias. Os que non acudan permanecerán na habitación lendo, escribindo ou escoitando música en baixo ata as 20:15
20:00-20:30	Duchas	Máximo de 10 minutos. Deixarase o baño limpo
20:30-21:00	Cea (poderase saír do comedor ás 20:50 si remataron todos)	Faranse as obrigas grupais segundo quenda: encargados de mesa.
20:50-21:00		Tempo libre no patio, excepto os HR tóxicos
21:00-21:30	Tempo libre nas seccións	Poderanse recibir chamadas de 21:00h a 21:30 O encargado baixará o cubo ás 21:30 A televisión apagarase ás 21:30
21:45-22:00	Hixiene persoal antes de deitarse	
22:00	Habitación persoal	
23:00	Silencio e apagado de luces	De domingo a xoves

* Observacións horarios de chamadas: Os luns (por causa do horario de aulas) e os martes (polos talleres) o horario de chamadas de mediodía será de 15:00-15:30h. O resto dos días será de 15:00-16:00 h a mediodía e de 21:00-21:30 h pola noite.

HORARIO FINS DE SEMANA E FESTIVOS

HORA	ACTIVIDADE	OBSERVACIÓNS
10:00	Erguerse, hixiene persoal e amaño de habitacións	Os luns tamén será a hora de erguerse xa que non teñen aulas ata a tarde
10:30-10:45	Almorzo	Faranse as obrigas grupais segundo turno: encargados de mesa.
10:45-11:15	Tempo libre no patio	
11:15-11:30	Amaño de habitacións	
11:30-12:30	Sábados: hora de traballo obrigatorio. Domingos e festivos: tempo libre na sección Luns: hora de traballo voluntario	
12:30-13:00	Duchas	
13:00-14:00	Tempo libre no patio	Restrinxidos de 13:30-14:00
14:00-14:30:	Xantar (poderase saír ás 14:20 si remataron todos)	Faranse as obrigas grupais segundo turno: encargados de mesa.
14:30-16:00	Tempo libre	14:30-15:00 Tempo libre no patio 15:00-16:00 poderanse recibir chamadas, non chamar. Tempo libre ma sección.

TARDES:

As saídas a Lugo serán de 15:30 – 19:45 horas. Recollerase aos menores fronte ao Xulgado.

Os menores que queden no centro e que non esten en HR desfrutarán de tempo libre no patio de 17:00-19:00h

A hora de apagado de luces e silencio será ás 24h (venres, sábados e véspera de festivos)

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES VERÁN

A regulación dos tempos tanto das actividades como dos tempos libres son orientativas , en todo caso serán flexibles e determinadas polos educadores de turno según as necesidades.

MAÑÁS

10:00	Erguerse, aseo persoal
10:30	Almorzo
10:45-11:15	Tempo libre supervisado
11:15-11:30	Arranxo de habitación
11:30-12:30	Hora de traballo obrigatoria de luns a venres (mantemento do centro ou estudio). 1 menor (excepcionalmente 2 si bo comportamento) poderán ir á granxa.
12:30-13.30	Tempo libre dirixido (aula informática, polideportivo, sala de xogos...)
13.00-14:00	Sección (duchas, TV)
14:00	Xantar (poderase saír do comedor ás 14:20 si remataron todos)
14:30-16:00	14:30-15:00 Tempo libre no patio 15:00-16:00 poderase recibir chamadas, non chamar. Tempo libre na sección

TARDES Os MARTES e XOVES seguiremos coas actividades programadas polo centro.

Martes 15:30:17:00	Multitaller, Ecoloxía, Sandá
Martes 19:15-20:15	Actividade deportiva
Xoves 19:15-20:15	Actividade deportiva

Os LUNS, MÉRCORES e VENRES programaranse as actividades que os educadores de turno consideren adecuadas según as circunstancias. (saídas, talleres, campionatos, películas...)

17:00	Merenda
20:00-20:30	Duchas
20:30-21:00	Cea
20:50-21:00	Tempo libre no patio excepto HR tóxicos
21:00-21:30	Tempo libre na sección. Poderanse recibir chamadas de 21:00h a 21:30 O encargado baixará o cubo ás 21:30. A televisión apagarase ás 21:30
21:45-22:00	Hixiene persoal antes de deitarse
22:00	Habitación persoal e silencio

* Os sábados e domingos pola mañá non se realizarán actividades de mantemento/traballo.

* Os sábados e domingos pola tarde poderase saír a Lugo si autorización dos educadores.

Anexo 2- HORARIO RESTRINXIDO

Este horario supón a redución do tempo de ocio e aplicárase como medida correctiva cando o educador/a así o considere ante unha conduta desaxeitada.

